



Regulamento de Participación no VIGO DANCE FESTIVAL. Festival Multidisciplinar de Danza en Vigo. 2025

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude en colaboración coa Asociación artística y cultural para la promoción de la Danza Coreomagazine, convida a escolas, asociacións e grupos de danza da cidade para formar parte do **VIGO DANCE FESTIVAL 2025**

A continuación, detállanse as **normas e requisitos para a inscrición e participación**:

1. Inscrición

1.1. A inscrición no Vigo Dance Festival, será gratuita e deberá realizarse exclusivamente a través da ligazón proporcionada polo Concello de Vigo / Asociación Coreomagazine:

<https://forms.gle/AAykdD7Yr9viX7Nk8>

1.2. O formulario de inscrición estará disponible desde o **6 de MAIO ata o 20 de MAIO DE 2025**

1.3. Cada grupo rexistrado debe proporcionar os seguintes datos

- Nome do grupo, estilo danza
- Nome da escola, profesional ou asociación (Enderzo social)
- Representante e datos de contacto.
- Número de integrantes de cada grupo
- Aceptación regulamento Vigo Dance Festival
- Categoría de danza e breve descrición da proposta.
- Necesidades técnicas (música, iluminación, espazo etc.)

1.4. Unha vez aceptada a participación do grupo que lle será comunicada polo email indicado no fomulario de inscrición, deberase descargar e achegar por emial o **Formulario de Participación** dispoñible na web <https://www.coreomagazine.com/vigo-dance-festival/> cos datos de cada participante, debidamente cumplimentado e asinado por bailaríns e tutores.

1.5. A música de cada Show deberá ser enviada a organización o antes posible , tendo como fecha tope o 20 de Maio. Deberá subirse no seguinte enlace:

<https://forms.gle/JJpct6SD7RNHVzmD9>

2. Requisitos de Participación

2.1. Poden participar escolas de danza, asociacións culturais e grupos establecidos en Vigo.

2.2. Os grupos deben estar conformados por un mínimo de 5 bailaríns.



2.3. Os/as participantes menores de idade deberán contar con autorización expresa dos seus titores legais. Facilitaráselles o documento para tal efecto no momento que se ingrese a data de nacemento na inscrición

2.4 Exclúese deste festival a danza Galega xa que teñen o seu propio programa de danza

3. Dereitos de Imaxe

3.1. Os/as participantes, ao inscribirse, aceptan a cesión de dereitos de imaxe ao Concello de Vigo e Coreomagazine para fins promocionais do evento.

3.2. No caso de menores de idade, será obrigatorio presentar un formulario de autorización asinado polos seus titores legais, dispoñible na ligazón de inscrición. **3.3.** As imaxes e gravacións realizadas durante o evento serán utilizadas exclusivamente con fins non comerciais, tales como promoción en redes sociais, prensa e memoria do festival.

4. Especificacións das Actuacións

4.1. Cada grupo contará cun tempo máximo de 3 minutos para a súa presentación no escenario se o grupo é menor de 20 bailaríns e de 4 minutos para megacrews.

4.2. Permítese o uso de música con mestura de diferentes autores, que deberá ser enviada en formato dixital polo menos 10 días antes do evento.

4.3. As coreografías e músicas deberán ser apropiadas para un público familiar e non conter contido ofensivo ou discriminatorio.

5. Obsequios para os/as Participantes

5.1. Todos/as os/as bailaríns rexistrados/as que participen no festival recibirán unha medalla conmemorativa como recoñecemento á súa colaboración e esforzo

5.2. As medallas entregaranse ao finalizar a actuación de cada grupo, nun acto simbólico no escenario.

6. Aceptación do Regulamento

6.1. A inscrición no festival implica a aceptación total deste regulamento.

6.2. Calquera situación non contemplada neste regulamento será resolta pola organización do festival.

Para máis información contacta con la organización, direccion@coreomagazine.com o no Whatsapp +34 656236911